

O mércores, 15 de setembro, o persoal de administración e servizos da Sección Sindical de CC OO, tras debater a posible petición de cese do xerente, acordou enviar o seguinte escrito ao Reitor da Universidade de Vigo.

-----  
Sr. Reitor da Universidade de Vigo:

A situación de deterioro que se ven dando na Universidade de Vigo na dirección do persoal de administración e servizos, alcanza o seu punto máis alto coa xestión do xerente actual. Ao déficit crónico que arrastramos de etapas anteriores únese agora a incapacidade manifesta da persoa que ocupa este cargo.

Para os representantes dos traballadores e traballadoras e moi difícil establecer negociacións con alguén que ignora os acordos acadados coas persoas que o precederon, que non ten un programa e uns obxectivos definidos, que é incapaz de planificar e que, ademais, carece da capacidade e dos apoios necesarios para facer propostas solventes. Nesta circunstancia a negociación entre a persoa que vostede nomeou e os órganos de representación dos traballadores, nos que como sindicato participamos, converteuse nunha tarefa imposible que só serve para perder o tempo e crear malestar e frustración.

O modelo de xerencia unipersonal, polo que vostede apostou nos dous mandatos, está esgotado e non da máis de si, ao mellor pode valer para resolver trámites e ir tirando máis non é o apropiado para unha institución pública que quere avanzar marcándose obxectivos concretos e ir gañando, día a día, cotas de calidade.

Tódalas universidades, semellantes en características e tamaño a nosa, posúen unha xerencia plural na que ademais do xerente contan, polo menos, con dúas vicexerencias, unha dedicada aos asuntos económicos e outra aos temas de persoal, áreas fundamentais en calquera empresa e nas que é preciso contar con persoas capaces de negociar, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades. Este mínimo equipo xerencial crearía, ao noso entender, as condicións óptimas para desenvolver calquera programa de goberno e para abranguer con solvencia tódalas competencias que a LOU e os Estatutos poñen na persoa do xerente.

Sr. Reitor, vostede, tal e como recolle no artigo 57 dos Estatutos, exerce a dirección, o goberno e a xestión da Universidade, polo tanto non pode desentenderse do labor realizado polo xerente, persoa que vostede nomeou, que forma parte do seu equipo e que, polo que se ve, descoñece o definido no programa de goberno co que vostede accedeu a reitoría.

Por todo o exposto, o Persoal de Administración e Servizos da Sección Sindical e CC OO, tras reunirse e debater este asunto, acordou solicitar o cese inmediato de D. Augusto Viso Alonso e a súa substitución por persoas capaces de asumir as responsabilidades propias de tan importante posto.

Vigo, 15 de setembro de 2004